



MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DO PORRIÑO PARA AS OBRAS DE RESTAURACIÓN DO TEMPLETE DE SAN LUIS NO PORRIÑO (PONTEVEDRA).

(PONTEVEDRA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou o pasado día 26/06/2023 co Concello do Porriño, o instrumento conxual arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento conxual ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e o Concello do Porriño para as obras de restauración do Templete de San Luis no Porriño (Pontevedra).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxual que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O ben denominado templete de San Luis está protexido polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) por estar incluído no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello do Porriño na ficha 32. Está situado a carón do Camiño Portugués.

O templete foi deseñado por Antonio Palacios para acceder á estación do metro na Gran Vía en Madrid. Construíuse en 1919 e desmontouse en 1970-71, despois de colocarse as escaleiras mecánicas como nova alternativa de acceso. Foi enviado ao Porriño por ser a cidade natal do arquitecto, despois de varias alternativas para a súa localización en





Madrid, que por diferentes motivos foron rexeitadas. Houbo protestas por parte de asociacións e revistas de arquitectura por ser un lugar emblemático de encontro, e polo valor engadido que achegaba ao espazo céntrico onde estaba situado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do conxenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

